



Edita: Mancomunidade de Municipios Barbanza Arousa

Deseño, ilustración e maquetación: Andrés Paz Pérez

Fotografía: Lesmes Fotógrafos

Texto: Jesús Silva Vilas

Depósito Legal: C 2252-2021



INTRODUCCIÓN

A Lenda - O Camiño



A LENDA

Segundo a tradición xacobeá, trala morte do Apóstolo Santiago o Maior na cidade de Xerusalén, os seus discípulos recolleron o seu corpo e partiron nunha barca de pedra en busca dun lugar apropiado para darlle sepultura.

Nesta embarcación máxica, que non levaba tripulación nin precisaba de guía, atravesaron o Mediterráneo e chegaron á costa atlántica, para finalmente atracar nun porto nos confíns da terra.

Este territorio estaba dominado por unha raíña pagá, a Raíña Lupa, á que os discípulos pediron axuda para transportar o corpo do Apóstolo, que foi trasladado nun carro tirado por bois ata o lugar onde sería enterrado.

O seu sepulcro permaneceu esquecido durante séculos, ata que un eremita local descubriu o lugar exacto guiado polo resplandor das estrelas.

Este achado sería o xerme dunha das máis florecentes cidades da Europa medieval, unha nova Cidade Santa e unha fermosa Catedral, que atraería a fieis chegados de todo o mundo.

O CAMIÑO

O Camiño de Santiago do Barbanza "A Orixe" fundaméntase no relato da chegada do Apóstolo a Galicia, navegando polas augas da Ría de Arousa e o Río Ulla.

Diversas evidencias, como a existencia de varios hospitais de peregrinos, a proliferación das imaxes de Santiago e máis de 200 fitos relacionados coa tradición xacobeá (cruceiros, igrexas, conventos...) poñen de manifesto a existencia dun antigo Camiño durante o medievo que acompañaba por terra o periplo do Apóstolo polas augas da nosa ría.


Hoxe en día, o trazado do Camiño (de máis de 120 km) comeza no Faro de Corrubedo e, a través de 5 etapas que discorren polos concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro e Padrón, chega ata Iria Flavia, onde entronca co Camiño Portugués para acabar na Praza do Obradoiro, aos pés da Catedral.

A "Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza e Sar. A Orixe" levou a cabo durante anos un intenso labor de investigación e posta en valor para recuperar este Camiño de Santiago que antigamente percorría polo Barbanza.

ETAPA 1

Corrubedo - Capela da Guía

<https://barbanzarousa.gal/etapa-1/>



CASTRO DA CIDÁ

Entre as parroquias de Carreira e Artes, a 210 m de altitude, sitúase o Castro da Cidá, un asentamento da Idade de Ferro cun sorprendente grao de urbanización. As sucesivas escavacións arqueolóxicas amosaron 13 edificacións de forma circular e unha estrutura cuadrangular, moito máis moderna (probablemente dos séculos XVIII ou XIX), construída para a defensa naval, así como numerosos achados de cerámica e metalurxia, testemuños da vida cotiá das civilizacións castrexas.



Iniciamos o noso Camiño aos pés do Faro de Corrubedo, rodeados dunha paisaxe salvaxe onde o mar bravo bate contra as rochas, testemuña da entrada dos restos do Apóstolo Santiago na Ría da Arousa. Ao longo da primeira etapa, atravesaremos a vila mariñeira de Corrubedo e descubriremos o impresionante complexo dunar e as Lagoas de Carregal e Vixán, para finalizar a xornada na capela da Guía.

DATOS TÉCNICOS

DISTANCIA

17,04 km

TEMPO EST

4 h 30'

ALT MÁX

96,7 m

DIFICULTADE

Baixa

CONCELLOS

Ribeira

FARO DE CORRUBEDO

Situado no punto máis occidental da península do Barbanza, érguese o emblemático Faro de Corrubedo. Proxectado no ano 1853 polo arquitecto Celedonio Uribe, o faro presenta unha fachada en forma semicircular cara ao mar e rectangular cara á terra, cunha torre de 13 metros de altura, cuxa proxección de luz acada as 15 millas

náuticas (uns 28 quilómetros). O complexo tamén conta cunha construción anexa que corresponde ás antigas dependencias para os fareiros. Debido á súa semellanza coa luz do faro da Illa de Sálvora –que provocou varios accidentes e naufraxios ao longo da historia, como o caso do famoso Santa Isabel, o “Titanic galego”–, o Faro de

Corrubedo foi remodelado no ano 1921, e posteriormente experimentou outras modificacións e engadidos (como o cambio na cor da luz ou a implantación dunha serea). Dende a punta do cabo Corrubedo podemos distinguir as luces doutros faros do litoral galego, como o de Fisterra ou o das Illas Cíes.

A PEGADA DO APÓSTOLO

No lugar de Cantón, cerca da apracible praia de O Prado en Corrubedo, encontramos un conxunto de rochas que gardan un dos maiores misterios da arte rupestre no Barbanza. Falamos da Pedra de Santiaguíño, un petróglifo con tres estrañas marcas, que representan unha espada, unha serpe e un círculo.

A pesar de que os investigadores e estudosos aínda non lograron traducir o seu significado, a tradición popular da zona identifica estas marcas coa pegada do cabalo do Apóstolo Santiago, portando unha espada, no momento de pisar e matar unha serpe.



Vila de Corrubedo

A pouco máis dun quilómetro do punto de partida, a nosa primeira parada será a fermosa vila mariñeira de Corrubedo, coas súas casas típicas e rúas estreitas, que conservan a esencia da súa tradición, ligada á actividade pesqueira e ás industrias auxiliares como a salgadura. Ademais, atoparemos aquí os primeiros indicios da tradición xacobeá que avalan a historia do Camiño orixinal.



Igrexa de Corrubedo

No centro da vila, podemos visitar a pequena igrexa de Santa María de Corrubedo, que foi levantada sobre os restos dunha antiga construción románica, da que se conservan algúns vestixios no interior, así como unha imaxe da Virxe do Cabo suxeitando unha pequena barca. Dende aquí, continuamos a nosa andaina en dirección á parroquia de Olveira.




DUNAS DE CORRUBEDO

Pouco despois de pasar pola Igrexa Vella de Santa María de Olveira, a nosa travesía pasa ineludiblemente polas imponentes Dunas de Corrubedo, un dos enclaves máis recoñecidos e fermosos do territorio. Estamos ante a duna móbil máis grande de todo o noroeste de España, cunhas medidas aproximadas de

1 km de lonxitude, 250 metros de ancho e ata 15 metros de altura, dependendo da época do ano. Percorrendo un paseo de madeira que comeza preto do trazado da ruta, podemos achegarnos a contemplar este xigante de area, formado hai máis de 12.000 anos, que preside o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e

Lagoas de Carregal e Vixán (un dos sete de Galicia, recoñecido oficialmente en 1992). Ademais do seu incalculable valor natural e paisaxístico, as dunas son protagonistas de diversos mitos e lendas, como o da cidade perdida de Valverde.



A LENDA DE VALVERDE

Segundo conta a lenda, na parroquia de Olveira existía hai moitos anos unha importante vila costeira chamada Valverde. A industria da pesca e o comercio trouxeron fortuna e prosperidade aos seus habitantes. Porén, co paso dos anos, a medida que aumentaba a riqueza dos veciños de Valverde, tamén o facía a súa cobiza. O egoísmo e a desconfianza provocaron dispu-

tas cada vez máis serias, e o descontento xeral foi aproveitado por un alcalde tirano para enriquecerse a costa dos seus concidadáns. A situación tornouse insoportable, e Valverde entrou en decadencia. Certo día, chegou á vila unha muller cuberta cun manto branco e cargando cun meniño no colo. A visitante anunciaba unha terrible maldición que estaba a punto de asolar a


vila, como castigo divino pola súa avaricia. Ignorada e desprezada polo dirixente local, a muller marchou buscando refuxio no monte da Curota. Pouco despois, desatouse unha terrible tormenta que asolagou a vila, soterrándoa baixo montes de area, no lugar que agora ocupan as dunas de Corrubedo.

DOLMEN DE AXEITOS

Antes de continuar o noso Camiño, merece a pena tomar un pequeno desvío para visitar un dos monumentos megalíticos mellor conservados de toda a Península Ibérica. O Dolmen de Axeitos é un impresionante túmulo prehistórico declarado Ben de Interese Cultural. Na mitoloxía galega existen multitude de lendas asocia-

das a esta clase de restos arqueolóxicos. De feito, este dolmen tamén se coñece co nome da Pedra do Mouro ou "O Partenón galego". A estrutura está formado por oito esteos que soportan unha gran lousa, conservada na súa posición primitiva. A apertura da cámara ten algo máis dun metro de ancho, e no seu interior atopa-

mos distintos gravados con motivos xeométricos ou antropomorfos. No exterior, o conxunto complétase cun corredor orientado ao leste, do que aínda se conservan algunhas pedras. O camiñante descubrirá neste xacemento un dos moitos exemplos da riqueza patrimonial da comarca.



LAGOA DO CARREGAL

A carón da gran duna atopamos as outras dúas xoias completando o parque natural: Lagoa de Carregal (de auga salgada, que conecta co mar dividindo en dous a Praia de Ladeira) e a de Vixán (de auga doce, alimentada polo regato do Muíño). Estas zonas húmidas conforman un espazo de extraordinaria biodiver-

sidade de fauna e flora, recoñecido a nivel internacional. As súas marismas son o lugar perfecto para a observación ornitolóxica, xa que a súa vexetación de xuncos e carrizos acolle a máis de 3.000 aves acuáticas, como cercetas ou pirlos. Ademais dos distintos tipos de aves que aniñan na zona, as

lagoas tamén son o fogar doutros animais como anfibios, réptiles e incluso mamíferos como a londra. Un lugar que desborda vida, e un dos principais atractivos desta etapa.



CAPELA DA GUÍA

Rematamos a ruta na Capela da Nosa Señora da Guía, na parroquia ribeirense de Carreira, moi vinculada ás tradicións mariñeiras da zona. Previamente, existía neste lugar unha pequena capela de monxes mendicantes erixida no século XV, que foi levantada para acoller unha figura da Virxe atopada polos mariñeiros da vila

nun areal próximo. Nesta ermida, un edificio de liñas sinxelas, muros de cachotaría e planta rectangular, celebrábase a romaxe máis importante da comarca no luns seguinte á Pascua de Pentecostes. Antigamente, existía a tradición de queimar no atrio da capela as embarcacións antigas para bendicir as novas, antes de botalas ao

mar. Neste lugar cheo de historia e simbolismo damos por finalizada a primeira etapa do Camiño do Barbanza.



PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE

Sendeiros que conducen a diferentes reproducións de xacementos arqueolóxicos e outros elementos da cultura galega. Na entrada sitúase o Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque.

MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN

Cinco espazos de Ribeira achegan a natureza e a cultura ó visitante a través das súas exposicións e interpretacións: Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorales de Galicia (CIELGA), Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque, Sala Museo Municipal de Riveira, Fundación-museo de Artes do Gravado á Estampa Digital e Museo Etnográfico de Artes.

LONXA E MERCADO MUNICIPAL

A fachada marítima de Riveira renóvase con dous edificios ligados ó mar: a lonxa onde se realiza a rula de peixes e mariscos entre profesionais do sector; e o mercado municipal, lugar de venda dos produtos recién chegados da lonxa.

CULTURA E FESTEXOS

ENTROIDO

FESTIVAL DE MURGAS E COMPARSAS
ENTERRO DO FILIPE

SEMANA SANTA

CONFRARÍA DO PASO

MAIO CULTURAL (MES DAS LETRAS GALEGAS) EXPOSICIÓNS

EDÍTANSE PUBLICACIÓNS LITERARIAS
MOSTRA DE TEATRO INFANTIL
CERTAME LITERARIO

FESTA DA DORNA

MIRADOIRO DE PEDRA DA RÁ


No ascenso ao Monte da Cidá, tamén pasaremos polo Mirador Da Rá, un balcón onde podemos divisar gran parte do trazado que percorremos ao longo da xornada, así como gozar dunha fermosa posta de sol sobre o mar.



ETAPA 2

Capela da Guía -
Igrexa de Sta. María a Antiga do Caramiñal

<https://barbanzarousa.gal/etapa-2/>



LAGOA DE VIXÁN

Pouco despois de abandonar a Capela da Guía, atopámonos co terceiro tesouro natural que completa o parque natural de Corrubedo: a Lagoa de Vixán, unha zona de auga doce alimentada polo regato do Muiño, que conta cun observatorio de aves.



A segunda xornada da nosa travesía pola orixe da tradición xacobeá lévanos dende a Capela da Guía de Carreira ata a Igrexa de Sta. María a Antiga, na Pobra do Caramiñal, percorrendo máis paisaxes e enclaves únicos nas terras do Barbanza. Nesta etapa descubriremos xacementos prehistóricos como a Pedra das Cabras, marabillas naturais como as piscinas do río Pedras e mostras de patrimonio relixioso que agochan novas pegadas da viaxe orixinal do Apóstolo pola Ría de Arousa.

DATOS TÉCNICOS

DISTANCIA

27,5 km

TEMPO EST

6 h 15'

ALT MÁX

98 m

DIFICULTADE

Media / Difícil

CONCELLOS


Ribeira - A Pobra

SENDA LITORAL AGUIÑO-RIBEIRA

A continuación, a nosa andaina discorre preto da Punta Couso ata chegar á vila de Aguiño, onde podemos ter a sorte de asistir á descarga do percebe (un dos mariscos máis prezados da zona) ou visitar a peculiar igrexa da Nosa Señora do Carme (con elementos de temática mariñeira). Dende o porto

de Aguiño, seguiremos camiñando ata a zona do Carreiro, un conxunto de illotes unidos por un pequeno paseo e un longo espigón que protexe a vila, e dende o que poderemos contemplar a próxima Illa de Sálvora, que forma parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Dende aquí,

avanzaremos pola Senda Litoral de Ribeira, formada por un conxunto de pasarelas e camiños a carón do mar, que nos invitan a percorrer distintas vilas e areais do concello ata chegar ao núcleo urbano de Ribeira.



A SEREA DE SÁLVORA

Unha das lendas máis famosas da Illa de Sálvora é a da serea Mariña. Segundo conta a tradición, esta foi atopada na praia polo cabaleiro don Roldán. Tras descubrir que era muda, o nobre cabaleiro decidiu convertela na súa esposa, e púxolle o nome de "Mariña" (iniciando así a estirpe dos Mariño).

Preocupado pola súa condición, pediu consello ao abade do lugar, que aconsellou provocarlle unha forte conmoción co obxectivo de devolverlle a fala. Seguindo o seu consello, o cabaleiro prendeu unha gran fogueira, e cando Mariña se achegou co seu fillo no colo, Roldán simulou lanzalo ao lume, logrando que Mariña botase un berro de espanto. Trala morte de Roldán, a serea volveu ao mar, poñendo antes unha condición: de cada xeración dos Mariño, deberían entregarlle un neno de ollos azuis que levaría con ela ao mar.

Na actualidade, na Illa de Sálvora hai unha estatua de pedra con forma de serea que dá a benvida aos visitantes.



Miradoiro da Garita

No noso decorrer por este apracible tramo de costa, faremos unha parada para visitar o Miradoiro da Garita, constituído por unha gran rocha que se alza a cen metros de altura nun monte localizado entre as parroquias de Castiñeiras e Ribeira. Un lugar que nos transporta de inmediato a épocas pasadas, xa que a súa posición defensiva servía de atalaia para protexerse das incursións vikingas e normandas.



Petróglypho Pedra das Cabras

Na parroquia de Palmeira, a poucos metros do trazado do camiño, podemos visitar o Petróglypho Pedra das Cabras, unha das primeiras manifestacións de arte rupestre descubertas na Península do Barbanza. Nunha rocha de granito de gran tamaño, podemos distinguir un gravado do período neolítico no que se representan dúas figuras zoomorfas, concretamente dous cervos. Como curiosidade, cabe destacar que os animais presentan seis patas, o que podería representar o seu movemento.

PALMEIRA - PUNTA DE CABÍO

O Camiño continúa atravesando o núcleo de Palmeira, onde faremos un alto na Igrexa de San Pedro, construída sobre a base dun templo románico, cuxo atrio ofrece unhas vistas marabillosas da praia da Corna e o pintoresco porto da vila, un dos máis antigos

de toda a comarca. Seguiremos avanzando pola beira do mar ata entrar no concello da Pobra do Caramiñal, a través do paseo marítimo que conecta os areais da Illa e Cabío. Dende os bancos que rodean o sendeiro, ou apoiados nas pasarelas de madeira, é

posible contemplar as abundantes bateas que adornan a Ría de Arousa. Nestas estruturas de madeira medra o bivalvo máis recoñecido de Galicia: os mexillóns, que poderemos degustar en moitos establecementos.



PAZO DE TORRE XUNQUEIRAS

Monumento histórico-artístico de carácter nacional, este complexo conserva unha torre medieval do século XIII. Posteriores remodelacións engadiron elementos arquitectónicos de estilo renacentista (como o claustro) e barroco (como

a balastrada da torre circular). Cóntase que o célebre escritor Ramón María del Valle-Inclán inspirouse neste lugar para a súa "Sonata de Otoño". A pegada de Valle-Inclán está moi presente na Pobra do Caramiñal, onde viviu longas tempadas.



MUSEO VALLE-INCLÁN

Trátase do primeiro museo que rendeu homenaxe a esta figura clave da literatura galega. Un edificio renacentista datado no século XVI (no seu día unha torre señorial), con planta rectangular e tres alturas, no que destaca a

escalinata da fachada sur e os ornamentos das portas e ventás. No seu interior, o museo atesoura manuscritos orixinais do escritor, polo que debería ser unha visita ineludible antes de rematar esta segunda xornada.




PISCINAS DO RÍO PEDRAS

Antes de rematar a nosa ruta, nada mellor que achegarse a descubrir un dos enclaves naturais máis senlleiros da rexión. No corazón da Serra do Barbanza, arroupadas polas árbores, localízanse as piscinas do Río Pedras. Unhas pozas naturais formadas polo curso

fluvial, que durante os meses de verán convértese nun destino de ocio para moitos veciños e visitantes, que prefiren os encantos da montaña en lugar da praia. Un espazo ideal para descansar e desconectar do noso Camiño. Ademais da beleza do seu entor-

no, o río Pedras e os seus afluentes son parte importante da historia e da memoria oral da Pobra do Caramiñal, reunindo numerosos elementos do patrimonio pobrense e atesourando diversas lendas.



O POZO NEGRO E A PEREIRA DE OURO

Entre os numerosos relatos fantásticos que falan das Piscinas do Río Pedras, un dos máis coñecidos é o do Pozo Negro e a Pereira de Ouro. O infame Pozo Negro é a piscina

máis profunda do río, un buraco sen fondo no que habitan bruxos e monstros terribles, que saían das súas entrañas para aterrorizar ao mundo, ata que o pozo foi cegado pola acción dos tronos. Do mesmo xeito, cóntase que no máis profundo do Pozo Negro está plantada unha pereira da que

nacen peras de ouro. Esta árbore garda o coñecemento do mundo enteiro, e terma da Serra do Barbanza. Segundo a lenda, o día no que a pereira seque, a serra virase abaixo, liberando toda a auga que garda no seu interior e anegando o mundo.

IGREXA DE STA. MARÍA A ANTIGA DO CARAMIÑAL

Igrexa promovida polo señorío de Xunqueiras no século XVI, e rematada case dous séculos despois. Consta dunha ampla nave central en forma rectangular, unha capela maior e unha sancristía. A ábsida é renacentista, con gárgolas e contrafortes, mentres

que os retablos son de estilo barroco. Na fachada, a porta está franqueada por dúas pilastras que continúan no frontón triangular, en cuxo tímpano aparece a figura central da Virxe e os apóstolos Pedro e Pablo. A poucos metros da igrexa, na Praza Maior da Pobra,

atopamos o Cruceiro da Virxe da Peregrina, un monumento conmemorativo da ruta xacobeana por mar. Nos gravados do cruceiro podemos ver representadas escenas da traslatio, o lendario transporte dos restos do Apóstolo a Compostela.



NAZARENO

Declarada Festa de Interese Turístico Galego no ano 2000. Sen dúbida, a festividade máis popular de todas cantas teñen lugar na Pobra do Caramiñal. Estas festas teñen unha duración de 4 días, se ben o día grande é aquel no que ten lugar a procesión, que se celebra cada terceiro domingo de setembro. Esta procesión xa se vén celebrando dende antigo, pois data do século XV.

BARRIO DOS CATALÁNS

No paseo marítimo de O Areos encontrámonos co antigo Barrio dos Cataláns. Recibe este nome porque foi o lugar escollido polos fomentadores cataláns, para o establecemento das súas factorías de salazón da sardiña. Estes chegaron á localidade a finais do século XIX, atraídos pola abundancia desta especie nas nosas costas.

EXPERIENCIA DE MARISQUEO A PÉ

Reivindicar o duro traballo que cada día realizan os/as mariscadores para extraer os bivalvos é o principal obxectivo da actividade. Busca tamén poñer en valor o patrimonio inmaterial da zona, ofrecendo aos visitantes a posibilidade de coller o rastro e experimentar a sensación de ser mariscador por unhas horas.

CARME DOS PINCHEIROS

Celebrase a fin de semana que coincide co terceiro domingo de agosto, día en que ten lugar a procesión. Os "pincheiros" eran mariños que se dedicaban á arte de pesca do pincho, a cal se empezou a utilizar na ría da Arousa no séc. XVIII. En agosto era cando remataba a campaña, motivo polo cal se "trasládou" a celebración na honra á Virxe do Carme, para que a xente do mar non a perdese.

PROCESIÓN DAS MORTALLAS

Son os fétretos dos ofrecidos, aquí tamén chamados nazarenos. Eles máis as súas familias dan grazas deste xeito ó Santísimo pola súa intercesión ante a morte, despois dalgunha grave enfermidade ou accidente.

MIRADOIRO DA CUROTA

A mellor forma de finalizar esta terceira xornada é gozando das vistas que ofrece o miradoiro da Curota, un dos cumios máis elevados da serra. Este lugar presenta unha perspectiva única e impactante da ría de Arousa. Ademais de obter


unha panorámica inigualable das diferentes poboacións, cabos e praias que salpican as dúas beiras da ría, podemos chegar a distinguir gran parte da costa galega que se estende cara ao sur, incluídas as Illas Cies ou as Ons.



ETAPA 3

Igrexa de Sta. María a Antiga do Caramiñal -
Igrexa de San Vincenzo de Cespón

<https://barbanzarousa.gal/etapa-3/>



A POBRA

Vista aérea da praia do Areal e o porto da Pobra do Caramiñal. No fondo, podemos ver o monte da Curota, sobresaíndo na Serra do Barbanza, que ofrece unha das mellores vistas da Ría de Arousa.



Continuamos o noso Camiño nesta terceira xornada, na que deixaremos atrás A Pobra do Caramiñal para adentrarnos no concello de Boiro e na vida mariñeira das súas vilas, como Escarabote ou Cabo de Cruz. Ao longo da travesía visitaremos novas mostras de patrimonio histórico, cultural e paisaxístico, sempre atentos aos sinais do Camiño orixinal. Descubriremos novas lendas e reviviremos o pasado nos Castros de Neixón, antes de dirixinos á Igrexa de San Vicenzo de Cespón.

DATOS TÉCNICOS

DISTANCIA

29,94 km

TEMPO EST

8 h

ALT MÁX

74 m

DIFICULTADE

Media / Difícil

CONCELLOS

A Pobra - Boiro

A LENDA DOS CASTROS

A lenda conta que debaixo dos Castros de Neixón esténdese un labirinto de pasos subterráneos e minas escavadas polos mouros, onde gardan unha gran cantidade de tesouros e riquezas.

Unha das galerías subterráneas alberga unha viga de ouro e outra de alcatrán, polo que aqueles que intenten atopar os tesouros ocultos baixo terra deberán ter moito coidado de non golpear a viga de alcatrán, xa que isto podería prender lume a todo o Cabo de Neixón, atrapando aos que se aventuren nas galerías.

IGREXA DE SANTIAGO DO DEÁN

Antes de abandonar o núcleo da Pobra, debemos visitar a Igrexa e o cruceiro de Santiago de Deán, un templo de estilo gótico mariñeiro, orixinal dos séculos XIV e XV, que agocha numerosos vestixios xacobeos. Na entrada, atopamos unha enorme cuncha de vieira que facía de pía bautismal, e no altar maior, un Apóstolo Peregrino como patrón da parroquia.

A igrexa conta con detalles en diversos estilos, como o plateresco, o barroco e o neoclásico.

Consta dunha soa nave con oito pequenas capelas, entre as que destaca a capela da Alba, decorada con distintos elementos arquitectónicos e figuras talladas en granito. A parte máis antiga do edificio é a ábsida, con bóveda de abanico, adornada no exterior cunha escultura do Apóstolo contemplando o mar. No patio dunha vivenda adxacente ao adro da igrexa podemos ver o cruceiro do Deán, do século XVIII.



PAZO DA MERCÉ

Como comprobamos na última xornada, é case imposible percorrer a Pobra do Caramiñal sen atopar o ronsel de Valle-Inclán. Ao continuar a nosa andaina en dirección a Boiro, pasaremos por diante do Pazo da Mercé, na beira do vello Camiño Real. Este edificio, agora en estado de abandono, foi no seu día a residencia do escritor durante as súas estancias na Pobra,

onde escribiu gran parte das súas obras.

O pazo foi orixinalmente un priorado beneditino dependente de San Martiño Pinario (o gran Mosteiro construído en Santiago tralo descubrimento da tumba do Apóstolo). Xusto en fronte do pazo atópase o cruceiro que completa o conxunto, con catro chanzos e planta octogonal.

ESCARABOTE / IGREXA SANTIAGO DE LAMPÓN

Seguimos avanzando a carón do mar pola zona da Ribeiriña, ata chegar á parroquia de Escarabote, co seu pequeno porto pesqueiro, resgardado no interior da ría. Dende alí, temos vistas á Praia de Barraña, un dos areais onde é habitual asistir ao espectáculo do marisqueo a pé. Saíndo da vila, encontramos a igrexa



de Santiago de Lampón, unha nova referencia ao Apóstolo nun probable enclave do Camiño Real. Construída sobre unha capela románica do século XII, o edificio presenta unha planta de cruz latina, cunha nave central dividida en tres tramos. Na fachada destaca a imaxe de Santiago Apóstolo, e no lateral dereito hai una concha de peregrino. No altar atopamos outros símbolos xacobeos como a vieira, o sable, a bandeira e o libro de Santiago Matamoros.



PAZO DE GOIÁNS

Pouco despois chegaremos ao Pazo Torre de Goiáns, un dos máis importantes do Barbanza xunto co de Xunqueiras. É un edificio con forma de L, construído en cadeirado granítico e cun tellado a varias alturas, feito con tella do país. Orixinal do século XVI, foi remodelado en 1760. Pénsase que a torre,

cadrada e con balaustrada na parte superior, foi derruída durante as Revoltas Irmandiñas e restaurada posteriormente. Accédese ao pazo pola escaleira interior, que ascende por salas abovedadas, adornadas coas heráldicas das distintas liñaxes que habitaron o Pazo ao longo da

historia. Ademais do edificio principal, consérvanse outros destinados a usos agrícolas, así como unha capela, pombais, unha fonte de pedra con forma de serea e un embarcadoiro. Na súa época de esplendor, os dominios deste pazo estendíanse ata as illas da entrada da ría de Arousa.




PORTO ANTIGO DE CABO DE CRUZ

Volvemos á beira do mar para seguir camiñando en dirección a Cabo de Cruz, nun dos extremos da enseada de Boiro. Esta vila vive principalmente da acuicultura do mexillón, do marisqueo e das industrias transformadoras como a conserva.

No seu porto e lonxa podemos asistir á trasfega das xentes do mar, e incluso ver adestrar ao seu famoso club de remo. Cabo de Cruz conserva tamén o vello peirao, un dos máis arcaicos da ría, e conta cun imponente porto deportivo. Antes de marchar, é imprescindible

visitar o Castro do Achadizo e chegar ata o cruceiro situado na punta do cabo. Un lugar ideal para facer un pequeno descanso e observar de cerca as bateas.



CASTROS DE NEIXÓN

Tras pasar xunto aos petróglifos da Laxe da Cabra, na parroquia boirense de Cespón, faremos unha última parada nesta etapa para descubrir un dos conxuntos arqueolóxicos máis impresionantes da comarca: os espectaculares Castros de Neixón. Este asentamento castrexo está formado polo Castro pequeno (máis antigo e cunha mellor vista panorámica), que comezou a escavarse no século XX polos pais da Arqueoloxía galega: Bouza Brei e López Cuevillas; e o Castro grande, agochado nun piñeiral.



IGREXA DE SAN VICENZO DE CESPÓN

Como de costume, rematamos a xornada nun templo moi especial: a Igrexa de San Vicenzo de Cespón, a máis antiga de Boiro. O edificio, con planta de cruz latina e unha única nave, cuberta por unha bóveda de canón, foi obxecto de numerosas modificacións ao longo

dos séculos, polo que atopamos nela diferentes estilos: románico (na fachada principal), gótico, barroco e neoclásico. Pénsase que foi erguida sobre unha necrópole romana. A torre-campanario sitúase no lateral orientado ao norte, e chama a

atención pola cruz de tradición celta da súa cabeceira. No interior, destaca o baldaquino gótico do século XVI con escenas dos Apóstolos e unha importante reliquia: a tibia de San Vicenzo.



MUÍÑOS DE PONTE GOIÁNS

Son tres muíños que completan un paseo fluvial extraordinario. Para velos en funcionamento, hai que contactar previamente coa Oficina de Turismo de Boiro. O entorno conta cunha área recreativa e un apracible camiño de ribeira enriquecido por chopos, abeleiras, bidueiros ou salgueiros.

CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA

O Centro Arqueolóxico do Barbanza é un centro de interpretación público destinado a amosar os principais vestixios arqueolóxicos do noso pasado. Emprezado no litoral norte da Ría de Arousa, a un paso da Serra do Barbanza, a 3 km da vía rápida e 7 km do casco urbano de Boiro.

ARCA DO BARBANZA

A imponente catedral megalítica do Barbanza, con 6,60 metros de lonxitude, unha cámara poligonal que conserva seis antas, unha cuberta lixeiramente desprazada e que podería pesar unhas 7 toneladas, e un corredor triangular de dous tramos. Situada nas inmediacións do curso medio do río Barbanza, mantense en relativo bo estado de conservación.

CASA DAS CAMELIAS

Edificio anterior a 1785, que parte da unión de varias vivendas ata chegar ás tres plantas que ten hoxe en día. O xardín, cunha extensión de 12.000 m², ofrécenos unha experiencia única en cada estación do ano, onde poderemos gozar das distintas variedades de camelias e plantas (máis de 1.000 camelias e 900 plantas) procedentes das distintas rexións do mundo.

EXALTACIÓN DO MEXILLÓN

Esta festa gastronómica celébrase no mes de agosto en Cabo de Cruz, onde o mexillón convértese no protagonista. Durante os días de celebración, este ouro negro da ría de Arousa pode probarse cociñado de diferentes formas e coñecer o traballo que hai detrás de tan apreciado produto.



CASTROS DE NEIXÓN


Neste conxunto, datado na transición entre a Idade de Bronce e a Idade de Ferro, atopáronse restos que acreditan o pasado agricultor e mariñeiro dos habitantes da zona, así como numerosos obxectos cotiáns de cerámica e bronce.

A poucos metros das escavacións, tamén podemos visitar o centro de interpretación, centrado nos tres piares prehistóricos da comarca: as manifestacións megalíticas do Neolítico, a arte rupestre da Idade do Bronce e a cultura castrexa da Idade do Ferro.

ETAPA 4

Igrexa de San Vicenzo de Cespón -
Aldea de Quintáns

<https://barbanzarousa.gal/etapa-3/>



ESTUARIO DO RÍO BELUSO

Avanzando dende a parroquia de Bealo cruzaremos o estuario do Río Beluso, entrando así no último concello do Barbanza: Rianxo, un dos municipios con máis relevancia no mundo xacobeo, xunto coa propia Compostela e Padrón.



Nesta cuarta xornada visitaremos a Ermida de San Ramón de Bealo, patrón das puérperas, e cruzaremos o estuario do Río Beluso ata chegar a Rianxo, berce dalgunhas das máis grandes figuras da cultura galega. Ao longo do noso decorrer por este concello, descubriremos a historia do Castelo da Lúa e o misterio da Aldea de Abuín, avanzaremos polo litoral ata chegar ao cruceiro das Tres Cruces e remataremos na aldea de Quintáns, na desembocadura do río Ulla, por onde entraron os restos do Apóstolo Santiago.

DATOS TÉCNICOS

DISTANCIA

23,2 km

TEMPO EST

6 h 30'

ALT MÁX

121 m

DIFICULTADE

Media

CONCELLOS

Boiro - Rianxo

ERMIDA DE SAN RAMÓN DE BEALO

Despois de deixar atrás a Igrexa de San Vicenzo de Cespón e os Castros de Neixón, continuamos a nosa ruta polo concello de Boiro ata chegar á Ermida de San Ramón de Bealo, un enclave cunha historia moi peculiar. Neste edificio do século XVIII, cunha fachada enmarcada por dúas torres barrocas, ten lugar cada 31 de agosto a festa de San Ramón, que se celebra ininterrompidamente dende o ano 1756 (declarada de Interese Turístico de Galicia).

Porén, a auténtica singularidade desta festa radica en que o santo titular é o patrón das parturientes. Dende tempos remotos, a romaría está vencellada a ritos pagáns relacionados coa fecundidade. Na actualidade, as mulleres acoden á ermida para rogar por un parto feliz ou un próximo embarazo. A contorna da ermida é igualmente interesante, xa que podemos atopar mostras de arte rupestre como petróglifos e túmulos.



CASTELO DA LÚA

Pola senda litoral de Taragoña, podemos adentrarnos na historia da literatura galega, xa que ao longo do paseo atopamos varias placas con fragmentos de catro dos grandes autores nados nesta terra: Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste e Brea Segade. Finalmente, sobre unha punta rochosa

na desembocadura do río Te, chegaremos ao impresionante Castelo da Lúa. Trátase dos restos dunha antiga fortaleza de vixilancia medieval, da que se conservan restos das torres e murallas. Ao longo dos séculos, o castelo foi obxecto de distintos derrubamentos e espolios, asumiu distintas

funcións e mudou de propietarios en varias ocasións (dende a Orde dos Templarios ata a arquidiocese compostelá). No século XVII, gran parte das súas pedras foron usurpadas para a construción de vivendas e igrexas na comarca.



A LENDA DO CASTELO

O Castelo da Lúa foi edificado polos cabaleiros da Orde do Temple, que estiveron envoltos en numerosos conflitos cos nobres da zona. Nun destes enfrontamentos, os templarios tomaron como prisioneira a unha fermosa doncela, filla do señor feudal que fora humillado coa derrota.

Na mesma prisión do castelo atopábase un dos cabaleiros derrota-

dos, que se recuperaba das súas feridas despois de defender á doncela, da que estaba profundamente namorado. A dona correspondía este sentimento, polo que unha vez curado, e coa axuda dun "mesnadeiro", os dous amantes escaparon do castelo a través duns pasadizos para embarcarse nun bote pola ría. De súpeto, as sentinelas advertiron a súa fuxida, e atravesaron con frechas o peito do valente cabaleiro, que caeu

morto ao mar. Ante tal desgraza, a doncela lanzouse ás augas tras el, presa da desesperación. Ao día seguinte, as ondas pousaron na praia os corpos dos namorados, aínda abrazados, e o xefe templario deulles sepultura nunha das torres interiores do castelo. Segundo a lenda, a partir de entón, todas as noites de lúa, un feixe dos seus raios iluminan a sepultura dos namorados.

RIANXO

A vila de Rianxo atesoura unha gran cantidade de lugares que paga a pena visitar, como o Museo do Mar, para descubrir a importante tradición mariñeira deste concello, ou a Casa-museo de Manuel Antonio, onde poderemos somerxernos na vida e obra dun dos escritores galegos máis senlleiros. O centro da vila alberga o Pazo do Martelo, un dos edificios máis antigos e mellor conservados de Rianxo. Datado entre os séculos XV e XVIII, e declarado monumento histórico-artístico en 1973, o edificio actual experimentou numerosas reformas ata o século XX. É de planta rectangular con dous andares, tellado a catro augas e unha claraboia. A pesar de que non quedan vestixios da torre orixinaria, destaca na fachada a balconada barroca, os canzorros que a sosteñen, as gárgolas da cornixa e dous escudos nos laterais. Na actualidade, o edificio acolle a Biblioteca Municipal de Rianxo. En canto á arquitectura relixiosa, non podemos pasar por alto a Capela da Virxe de Guadalupe, un edificio de estilo gótico mariñeiro en perpiaño granítico. Este templo alberga unha imaxe da Virxe de Guadalupe, á que se lle dedica a festa máis importante da vila, celebrada no mes de setembro. A festividade remata co canto da Rianxeira, probablemente a canción galega máis coñecida e estendida polo mundo.



PRAIA DE TANXIL

Dende o final do espigón portuario temos unha fermosa panorámica da fachada marítima de Rianxo, así como das diferentes embarcacións que compoñen a flota de pesca rianxeira. Unha vez no porto,

podemos continuar a liña de costa polo Parque Galicia, unha zona con amplos xardíns, fontes e surtidores, ata chegar ao fermoso sendeiro que nos conducirá entre piñeiros ata a praia de Tanxil. Tanxil configú-

rase como un espazo que aínda garda a forma e o sabor de principios de século. Esta área conta cunha praia extensa e ben equipada, onde poderemos gozar dunha excepcional vista da ría de Arousa.



CRUCEIRO DAS TRES CRUCES

Ao pasar Punta Palheiro, remontando a desembocadura do río Ulla, chegamos a un dos enclaves máis emblemáticos da enseada: o Cruceiro das Tres Cruces (ou Trece Cruces). Este peculiar conxunto, composto por tres cruceiros que se erguen sobre unha punta rochosa, forma parte do Vía Crucis

Marítimo que marca a Ruta Xacobeá polo Mar de Arousa e Ulla, ascendendo polo río ata Padrón, como fixeron tradicionalmente os restos do Apóstolo Santiago. A cruz central aséntase sobre a pedra e presenta un pedestal cuadrangular rematado en chafráns, un capitel octogonal con adornos e unha

imaxe de Santiago Peregrino. As cruces laterais son simples crucifixos de sección octogonal, con brazos florenzados e un capitel figurado sobre un pedestal. Localizadas na ladeira do monte Palheiro, trátase dun lugar solitario e impresionante dende o que se domina toda a bocana do río Ulla.



PETRÓGLIFO DOS MOUCHOS

Rianxo alberga unha gran cantidade de mostras de arte rupestre, preto de 60 en apenas uns quilómetros. Entre todos eles, o máis destacable é o Petróglifo dos Mouchos. Trátase dunha laxe localizada preto da praia das Cunchas, cun acceso sinxelo preto do trazado do noso camiño, que presenta un conxunto de gravados onde abundan os motivos animais e antropomorfos. Entre eles, sobresaen a figura dun gran cervo cunha especie de colar e unha posible escena de equitación.



A MALDICIÓN DA ALDEA DE ABUÍN

Na parroquia de Leiro atópanse as ruínas da aldea de Abuín. A lenda máis popular conta que os antigos habitantes da vila asaltaron o mosteiro de Armenteira e roubaron as súas riquezas, que despois agocharon nalgún lugar da aldea. Como castigo polas súas accións, a vila sufriu unha terrible maldición, que trouxo desgrazas nas colleitas, enfermidades e morte, provocando o abandono da aldea. Algúns contan que o tesouro roubado aínda está soterrado baixo unha das casas.

ALDEA DE QUINTÁNS

Para rematar esta cuarta etapa dirixímonos á aldea de Quintáns, na parroquia rianxeira de Isorna. Ademais dun espazo perfecto para descansar á beira do río, o lugar ofrece diversos atractivos que podemos visitar, como o Castro das Cercas ou o Cruceiro do Cabo, que tamén forma parte do Via Crucis

Marítimo. O castro está situado nunha posición estratéxica, dominando a entrada do río Ulla e a Enseada de Leiro desde o Monte Quintáns, a 152 metros de altitude. Posúe dobre muralla e un foxo. Na parte nordeste, onde a ladeira acada a maior pendente, podemos ver a muralla e os restos dun

concheiro, no que se atoparon mostras cerámicas, malacolóxicas (ostra, berberecho e ameixa) e líticas (seixo). Na parte sur pódense apreciar os restos de habitacións e outras estancias.



AULA ACTIVA DO MAR

A importancia do mar para esta vila vese ben reflectida neste traballo da Escola Obradoiro Xeiteira. A aula pretende trasladar experiencias educativas ambientais sobre o medio mariño, ademais de amosar distinto material etnográfico sobre carpintaría de ribeira, pesca ou marisqueo, entre outras vertentes da vida mariñeira.

CASA MUSEO DE MANUEL ANTONIO

Ao longo de tres andares chégase a coñecer moi a fondo as facetas literaria, política, social ou familiar do autor rianxeiro. Manuel Antonio naceu nesta casa e viviu nela ata os dous anos, ademais de pasar aquí moitas tempadas ao longo da súa corta vida. O museo reúne mobiliario da familia, fotografías, cartas, obxectos persoais ou documentos orixinais, ademais de proxectar material audiovisual.

MUSEO DO MAR

Instalación fundamentalmente etnográfica e antropolóxica. Incluindo detalladas maquetas, amosa o deseño e proceso construtivo de distintas embarcacións, conta cunha pequena biblioteca, unha sala sobre o mar e a pesca, e recrea noutra un obradoiro tradicional de carpintaría de ribeira. A oferta cultural de Rianxo ten aquí a súa imprescindible pegada sobre esa íntima e indisoluble relación coa cultura mariñeira.

MUSEO DE NÓS NUCO

Na súa propia vivenda, o artista local Robustiano Losada, "Nuco", mostra máis de 150 obras da súa autoría de temática diversa, moi ligada á realidade social rianxeira e aos seus máis ilustres creadores.

FESTA DA GUADALUPE A "Rianxeira" á luz das bengalas Rianxo entóaa na madrugada na que despidе a súa festa maior, á luz de milleiros de bengalas. É o punto culminante dunha semana con máis de 150 anos de historia e co eixo na súa Virxe Moreniña. Rianxo homenaxeaa nunha espectacular procesión marítima pola ría e engalanase de época nun Feirón Mariñeiro multitudinario. O día grande é o primeiro domingo despois do 8 de setembro.

FESTA DA XOUBA

É unha xornada de exaltación dun dos peixes máis típicos da zona, a xoubá, que se prepara de distintas maneiras: asadas, en escabeche, en empanada, con patacas cocidas ou simplemente acompañadas de pan e viño.


HÓRREO DE ARAÑO

O máis longo de Galicia, con 36,75 metros a cámara e 37,05 metros. A base de pedra é corrida e sobre ela sobresaе o tornarratos de cantería. Conserva unhas escaleiras de acceso na parede que dá á Igrexa de Santa Baia.

MIRADOIRO PICO MURALLA

Como de costume, recomendamos finalizar a xornada noutro dos espectaculares miradoiros da zona: o do Pico Muralla, que se alza sobre o val do Río Te. É o miradoiro máis recente do Barbanza, situado a 678 metros de altura e cunha das panorámicas máis impresionantes de Galicia. Dende este lugar, poderemos repasar o camiño percorrido nesta etapa, así como


contemprar toda a Ría de Arousa e parte da Ría de Muros e Noia. Se temos sorte, podemos chegar a divisar o noso destino, a Catedral de Santiago de Compostela, coas súas torres recortadas no horizonte.



ETAPA 5

Aldea de Quintáns - Padrón

<https://barbanzarousa.gal/etapa-5/>



ILLA DE BEXO

Ao remontar o río Ulla e superar as famosas Torres de Oeste, alcanzamos unha zona de meandros na desembocadura do curso fluvial, onde se forman as marismas e a illa de Bexo..



Cada vez estamos máis cerca do noso destino. Nesta nova xornada deixaremos atrás as terras de Barbanza Arousa para percorrer o concello de Dodro, onde as augas do río Ulla se mesturan coas da Ría de Arousa conformando unha paisaxe única. Visitaremos algúns dos símbolos máis recoñecidos deste municipio, como os Hórreos de Imo ou o Palacio de Lestrobe. O fin desta xornada atópase no concello de Padrón, punto fundamental da tradición xacobeá, no que o Camiño do Barbanza, A Orixé, entronca co Camiño Portugués para continuar cara a Santiago de Compostela.

DATOS TÉCNICOS

DISTANCIA

16,3 km

TEMPO EST

4 h 30'

ALT MÁX

110 m

DIFICULTADE

Media

CONCELLOS

**Rianxo
Dodro
Padrón**

ILLA DE BEXO

Abandonamos a Aldea de Quintáns seguindo o curso do Ulla ata entrar no municipio de Dodro. Despois do seu longo percorrido por Galicia, as augas do río amansan ao chegar á súa desembocadura, formando unha tranquila zona de marismas onde podemos atopar animais como salmóns, troitas, anguías ou

lampreas, que ascenden as augas do río durante a época de cría ou para pasar os seus últimos días. En medio desta fermosa paisaxe, sobresaí a Illa de Bexo, unha pequena insua formada polos meandros do Ulla entre as parroquias de San Xoán de Laíño e Santa María de Isorna.

HÓRREOS DE IMO

Na aldea de Imo teremos a oportunidade de ver un impresionante conxunto de hórreos, unha das construcións galegas máis emblemáticas, datados no século XVIII. Trátase de 11 hórreos do chamado tipo Mahía, de planta rectangular con soleiras de cantería e tornarratos corridos, erguidos sobre muros transversais que actúan como soportes, e claros con balaústres

de madeira separados por columnas de pedra. Todos teñen tellado a dúas augas, apoiado nunha cornixa e rematados en pináculos e cruces. Están considerados coma as edificacións deste tipo máis importantes de Galicia. Completan o conxunto a gran praza onde se realizan as festas patronais, así como un lavadoiro, no extremo noroeste da mesma.

A CHEGADA DO APÓSTOLO

A tradición xacobeá conta que, os restos do Apóstolo Santiago o Maior foron trasladados por dous dos seus discípulos, Teodoro e Atanasio, dende Palestina ata Galicia nunha barca de pedra. Despois de cruzar o Mar Mediterráneo e atravesar o estreito de Xibraltar, seguiron navegando polo Océano Atlántico ata entrar na ría de Arousa. Tras remontar o Ulla, os discípulos amarraron a barca nun “pedrón” á beira do río Sar, que acabou por dar nome á localidade de Padrón, converténdose no berce da lenda xacobeá.



PALACIO DE LESTROBE

Este recoñecido edificio, orixinal do século XVI, foi durante séculos a residencia de recreo dos prelados composteláns. O palacio experimentou numerosas remodelacións ao longo dos anos. O arcebispo Felipe Fernández Vallejo fixo unha nova capela comunicada interior-

mente co pazo e levantou a fonte do patio, coroada por un Santiago peregrino. Cara ao sur-oeste, sobre sete arcos de pedra interiores, levántase unha balconada desde a que hai unha vista incomparable das brañas e veigas de Lestrobe. No alto da fachada do

edificio represéntase o escudo de armas do prelado Vallejo, que tamén encargou as obras da escaleira principal e os retablos da capela. O pazo pasou finalmente a mans privadas, e na actualidade opera como un hotel.



PADRÓN

A quinta xornada da nosa andaina remata en Padrón, unha vila que garda unha especial vinculación co Camiño de Santiago. De feito, trátase do primeiro lugar que aparece mencionado na lenda xacobeá. Nesta cidade, localizada na confluencia entre os ríos Ulla e Sar, converxen distintas variantes do Camiño. Ademais deste punto capital, o casco histórico de Padrón

presenta outros atractivos que paga a pena descubrir, como o Convento do Carme, co seu miradoiro con vistas a toda a vila e a fonte de pedra onde aparece gravada unha imaxe da traslatio. Do mesmo xeito, podemos visitar a Casa Museo de Rosalía de Castro, a escritora galega máis recoñecida, ou degustar os famosos pementos de Herbón. Unha vez alí, temos a


obriga de visitar o famoso “pedrón”, un antigo miliario romano dedicado ao deus Neptuno que, segundo a tradición, marca o lugar onde amarró a barca que transportaba os restos do Apóstolo ao chegar a Galicia. Na actualidade, este “pedrón” atópase baixo o altar maior da Igrexa de Santiago.



ETAPA 6

Padrón - Santiago de Compostela

<https://barbanzarousa.gal/etapa-6/>



CARBALLEIRA DE FRANCOS

Antes de chegar a Santiago cruzaremos pola apracible Carballeira de Francos, no concello de Teo, unha das poucas en Galicia que aínda se empregan como lugar de festexo. Todos os anos, o día 11 de novembro, celébrase aquí a Feira Cabalar de San Martiño.



Quedan apenas 25km para o final do noso camiño. Esta sexta e última xornada discorre polo val do río Sar, atravesando os concellos de Padrón, Rois, Teo e Ames, ata alcanzar Santiago de Compostela. Ao longo da ruta pasaremos xunto ao santuario da Escravidude, unha importante mostra de arquitectura relixiosa, así como o Pazo de Faramello ou a Carballeira de Francos. Dende o Milladoiro, poderemos albiscar finalmente a maxestosa Catedral de Santiago de Compostela, que nos guiou durante estas 6 xornadas ata os restos do Apóstolo. A nosa chegada ao templo suporá o colofón desta aventura, na que puidemos descubrir a historia milenaria deste Camiño.

DATOS TÉCNICOS

DISTANCIA

24,5 km

TEMPO EST

5 h

ALT MÁX

258 m

DIFICULTADE

Baixa

CONCELLOS

Padrón - Santiago

SANTUARIO DA ESCRAVITUDE

Continuamos a nosa travesía polo concello de Padrón ata chegar ao Santuario da Nosa Señora da Escravitude. As orixes do edificio, obra de José San Martín, remóntanse ao século XVI, pero foi rematado a finais do XIX. No seu exterior, destacan as dúas altas torres e a escalinata de acceso. No interior,

sobresae o retablo de ouro do altar maior, así como as imaxes e pinturas murais nas que se representan os feitos que orixinaron a creación do templo, ligados coa Fonte Santa, que se atopa nas inmediacións do santuario. A tradición conta que un home enfermo, que se dirixía a Santiago

para curar as súas doenzas, parou a beber nesta fonte, pedindo axuda á Virxe. Aos tres días, o home estaba completamente curado, e a súa historia atraeu a moitos devotos que acudiron ao lugar, facendo numerosas doazóns que axudaron a levantar o templo.



PAZO DO FARMELLO

No corazón do concello de Rois, o noso camiño lévanos ata o formidable Pazo do Faramello, un edificio do século XVIII, de estilo barroco compostelán, pero con marcadas influencias italianas que delatan a súa orixe. O pazo foi construído por Bartolomé Piombino, un nobre xenovés que namo-

rou dunha muller de Compostela mentres facía o Camiño de Santiago, polo que decidiu instalarse en Rois e fundar a Real Fábrica de Papel do Faramello, a primeira de Galicia. No patio do pazo, ademais dos fermosos xardíns que se estenden en terrazas sobre o canón do Río Tinto, aínda é posible

visitar os antigos muíños da fábrica, cos seus correspondentes apeiros. Trátase do último Pazo atravesado polo Camiño antes de chegar a Santiago, rodeado por unha fragua milenaria e localizado aos pés do lendario Castro Lupario.



A RAIÑA LUPA E O CASTRO LUPARIO

No famoso Códice Calixtino, o manuscrito medieval consagrado á figura do Apóstolo, cóntase que tras desembarcar en Padrón, os discípulos de Santiago chegaron ás terras da mítica Raíña Lupa, unha dirixente pagá que habitaba no Castro Lupario. Teodoro e Atanasio solicitaron un carro e unha parella

de bois para trasladar os restos do seu mestre ata un lugar onde poder enterralo. A raíña enviounos ao monte Illicino, coñecido agora como o Pico Sacro, onde atoparon un feroz dragón ao que derrotaron facendo o sinal da cruz. Do mesmo xeito, cando descendían do monte, os discípulos atoparon uns touros salvaxes, aos que

lograron amansar do mesmo xeito. Sorprendida pola súa proeza, a Raíña Lupa decidiu converterse ao cristianismo e ofreceulles un lugar para enterrar a Santiago: un antigo mausoleo romano que pasaría a coñecerse como o Campus Stellae, o lugar onde séculos despois foi descuberto o sepulcro do Apóstolo.

CATEDRAL DE SANTIAGO

Despois de seis longas xornadas de travesía dende as terras do Barbanza, chegamos por fin ao noso destino: Santiago de Compostela. Cruzaremos as rúas de pedra da cidade vella, respirando a súa atmosfera atemporal, ata alcanzar a praza do Obradoiro, onde se ergue imponente a Catedral de Santiago. Trátase da obra máis destacable da arte románica en España, así como un dos lugares

máis importantes dentro do mundo cristián. Dende hai centos de anos, este é o destino de millóns de peregrinos que chegan a Compostela seguindo as distintas variantes do Camiño para visitar a tumba do Apóstolo. O templo primixenio foi erixido no século IX, tralo descubrimento do sepulcro de Santiago, pero foi reconstruído e reformado en sucesivas ocasións. Co paso do tempo, foron engadín-

dose á planta románica elementos góticos, renacentistas e barrocos, entre os que destacan os traballos do Mestre Mateo no prodixioso Pórtico da Gloria. Na actualidade, cun milleiro de anos de existencia, a Catedral presenta un complexo conxunto de espazos duns 10.000 metros cadrados de superficie.





